




# OS CLIMAS DE ESPAÑA

## ABAU: Exercicio práctico:

- Análise dun **climograma** arquetípico dos grandes dominios climáticos españois: oceánico, mediterráneo e subtropical. (Análise de temperaturas, precipitacións e aridez; factores que inflúen no clima; influencia no medio; tipos de climas e localización xeográfica dos mesmos).




# OS CLIMOGRAMAS



Un **climograma** é unha gráfica que representa as temperaturas e as precipitacións medias mensuais dun determinado lugar ao longo dun ano.


- Como se fai un **climograma**?

Ollo, fíxate na escala!!



$$P = 2 \cdot T$$

# COMENTARIO DUN CLIMOGRAMA (Páx. 80-1)



## 1.- LECTURA DA GRÁFICA: análise das temperaturas, precipitacións e aridez

Temperaturas

|                          |   |
|--------------------------|---|
| <b>Verán</b>             | <b>Caluroso:</b> > 22°<br><b>Fresco:</b> ningún mes =/>22°  |
| <b>Inverno</b>           | <b>Suave:</b> non <10°<br><b>Moderado:</b> mes + frío:6-10°<br><b>Frío:</b> <6°   |
| <b>Amplitude térmica</b> | <b>Moi baixa:</b> <8°<br><b>Baixa:</b> 9°-12°<br><b>Media:</b> 12°-15°/16°<br><b>Alta:</b> 16°-20°<br><b>Moi alta:</b> >20° |

Precipitacións

|   |  |
|---|--|
| <b>Total anual</b>                        | <b>Moi abundantes:</b> >1200mm<br><b>Abundantes:</b> 800-1200 mm<br><b>Escasas- moderadas:</b> 600-800mm<br><b>Escasas:</b> 300-600mm<br><b>Moi escasas:</b> <300mm<br><b>Desértico:</b> < 150mm |
| <b>Réxime precip.</b><br>(Aridez mensual) | <b>Regular:</b> ningún mes seco<br><b>Bastante regulares:</b> máx. 2 meses<br><b>Irregulares:</b> + de 2 meses secos   |

Aridez

|                            |   |
|----------------------------|---|
| <b>Índice aridez xeral</b> | <b>Húmido:</b> non meses secos, <30mm<br><b>Semihúmido:</b> 1-3 meses secos<br><b>Semiárido:</b> 3-6 meses secos<br><b>Semiárido extremado:</b> 7-11 meses secos<br><b>Totalmente árido:</b> todos os meses <30mm |
|----------------------------|---|

## 2.-IDENTIFICACIÓN do clima e LOCALIZACIÓN:


comparando ou descartando...

## 3.-CARACTERÍST. XERAIS e EXPLICACIÓN:

a que se deben as máximas e mínimas temp, precip...

## 4.- INFLUENCIA NO MEDIO

|      |     |     |     |      |      |      |      |      |      |      |     |     |      |
|------|-----|-----|-----|------|------|------|------|------|------|------|-----|-----|------|
| 735m | X   | F   | M   | A    | M    | X    | XI   | A    | S    | O    | N   | D   | ano  |
| T °C | 4,0 | 6,1 | 8,4 | 10,1 | 13,8 | 18,1 | 21,7 | 21,6 | 18,1 | 12,8 | 7,7 | 5,0 | 12,3 |
| P mm | 40  | 32  | 23  | 44   | 47   | 33   | 16   | 18   | 31   | 42   | 51  | 56  | 435  |



- IDENTIFICACIÓN DO DOCUMENTO: táboa termopluviométrica / climograma

- LECTURA DA GRÁFICA: análise das temperaturas, precipitacións, aridez...

**Podedes facer unha introdución a eses conceptos: definición de temperatura, temperatura media anual, amplitude térmica, precipitación total anual....**

-IDENTIFICACIÓN do clima e LOCALIZACIÓN: podemos facer algunha distinción con outros climas ou outras variedades do mesmo clima... **ao longo da lectura, na identificación...**


-CARACTERÍST. XERAIS e EXPLICACIÓN:

- cales son os rasgos característicos dese clima: como soen ser as temp. de verán, de inverno... como é o total de precipitacións, cando chove máis... **fotocopias e presentación!!!**


-a que se deben as máximas e mínimas temp, por que hai un mínimo de precipitacións no inverno ou sequía no verán... **fotocopias e presentación!!!**

-INFLUENCIA NO MEDIO: páxinas 116-17: As paisaxes naturais: ríos, vexetación...

# MOITOS SON OS MAPAS...









## DISTRIBUCIÓN CLIMÁTICA EN ESPAÑA

- 1** Clima oceánico costeiro con inverno moderado
- 2** Clima oceánico interior con inverno frío
- 3** Clima oceánico de transición con inverno suave
- 4** Clima oceánico de transición con inverno moderado
- 5** Clima oceánico de transición con inverno frío
- 6** Clima mediterráneo marítimo con inverno suave
- 7** Clima mediterráneo marítimo con inverno moderado
- 8** Clima mediterráneo continentalizado con verán fresco e inverno frío
- 9** Clima mediterráneo continentalizado con verán caloroso e inverno frío
- 10** Clima mediterráneo continentalizado con verán caloroso e inverno moderado
- 11** Clima estepario cálido con inverno moi suave
- 12** Clima estepario frío con inverno moderado ou frío
- 13** Clima desértico con precipitacións moi escasas
- 14** Clima de montaña

Páx. 68 do libro





[http://ies.juancarlosprimero.ciempozuelos.educa.madrid.org/departamentos/gh/recursos/geografia/indice/temario/2\\_climas/4.-Tipos\\_de\\_climas\\_en\\_espana.pdf](http://ies.juancarlosprimero.ciempozuelos.educa.madrid.org/departamentos/gh/recursos/geografia/indice/temario/2_climas/4.-Tipos_de_climas_en_espana.pdf)  
<http://es.slideshare.net/ricluengo/el-clima-de-espa>



# CLIMA OCEÁNICO ou ATLÁNTICO

## CLIMA OCEÁNICO "PURO"

**LOCALIZACIÓN:** Cornixa cantábrica e a franxa litoral galega.

**TEMPERATURAS:** En xeral, **suaves**.

- ▶ **Invernos** moderados: 6° - 10°
- ▶ **Veráns** moderados: non > de 20° - 21°
- ▶ T.M.A: 12° - 14°
- ▶ **A.T:** baixa 9° - 12°
- ▶ Non temp. extremas, poucas xeadas

### Debidas:

- ▶ Influencia atemperante do mar ...
- ▶ Importante nubosidade ao longo do ano, polo que a insolación é reducida...
- ▶ As dif. entre as máx. e as mín. están en relación coa estación do ano: >/< radiación solar...

**PRECIPITACIÓNS:** Abundantes e bastantes regulares.

- ▶ Soen ser incluso **superiores** a 800-1000 mm
- ▶ Nas comarcas ben orientadas aos ventos mariños e próximas aos relevos montañosos poden ser sup. aos 1500 mm
- ▶ **Máx. precipitacións no inverno e nas estacións intermedias e mínimo no verán**, pero, en xeral, non se pode falar de meses secos...

### Debidas:

- ▶ Esta zona está baixo a continua acción das borrascas da F.Polar, levadas ata a costa polos ventos do oeste...
- ▶ A iso súmanse as chuvias orográficas, pois ao chegar á costa os ventos mariños...
- ▶ Mínimo do verán débese ao ascenso en latitude do A das Azores, que dificulta o paso das borrascas...



|      | X     | F     | M     | A     | M     | X     | XI    | A     | S     | O     | N     | D     | Anual     |
|------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-----------|
| 27 m |       |       |       |       |       |       |       |       |       |       |       |       | A.T: 9,7° |
| T °C | 10,2° | 10,6° | 12,6° | 13,1° | 14,3° | 15,5° | 18,3° | 19,9° | 19,9° | 18,8° | 16,3° | 10,8° | 15°C      |
| P mm | 171   | 135   | 158   | 93    | 101   | 50    | 26    | 43    | 65    | 124   | 188   | 188   | 1342mm    |


## *CLIMA OCEÁNICO “PURO”*

### Precipitacións:


- **total anual:** 1342mm- **moi abundantes**- quedan descartadas todas as variedades do clima mediterráneo de interior e todas as variedades do clima mediterráneo costeiro.
- **verán:** 1 mes seco:26mm en xullo: **precipitacións bastante regulares** -**clima húmido**- quedan descartadas todas as variedades do clima mediterráneo de interior e practicamente todas as variedades do clima mediterráneo costeiro, onde as precipitacións soen ser irregulares.
- **máximas:** novembro, decembro, xaneiro,marzo, febreiro...: **estacións intermedias e inverno**

### Temperaturas:

- **A.T.:** 9,7° **baixa** - **impensable** en mediterráneo de interior e tampouco é posible que sexa mediterráneo costeiro, incluso é baixa para ser clima oceánico de transición.
- **mínima inverno:** 10,2° en xaneiro: **suave**, **incluso demasiado suave** para ser oceánico de transición.
- **máxima verán:** 19,9° en xullo: **fresco** – **impensable** en clima mediterráneo costeiro e na metade sur peninsular, no oceánico de transición tamén sería máis alta.




# IGUELDO (Preto S.Sebastián) (258 m)




T.M.A.: 12,6°C P.T.: 1549 mm

| X   | F    | M    | A    | M    | X    | XII  | A    | S   | O    | N    | D    |
|-----|------|------|------|------|------|------|------|-----|------|------|------|
| 10  | 10,6 | 11,9 | 13,5 | 15,4 | 18,8 | 20,7 | 20,6 | 19  | 16,1 | 12,5 | 10,3 |
| 233 | 228  | 159  | 125  | 141  | 70   | 37   | 35   | 124 | 166  | 172  | 232  |

# PONTEVEDRA (24m)




# A CORUÑA (58 m)



# LUGO (465m)

T.M.A.: 11,4°C  
P.T.: 1090mm



| X    | F    | M    | A    | M    | X    | XII  | A    | S    | O    | N    | D    |
|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| 10,2 | 10,5 | 11,3 | 12,1 | 14,1 | 16,4 | 18,4 | 18,8 | 18,1 | 15,7 | 12,6 | 10,9 |
| 131  | 104  | 86   | 83   | 78   | 49   | 25   | 29   | 62   | 104  | 116  | 128  |

| X   | F   | M   | A    | M    | X    | XII  | A    | S    | O    | N   | D   |
|-----|-----|-----|------|------|------|------|------|------|------|-----|-----|
| 5,9 | 6,8 | 8,5 | 10,1 | 12,5 | 15,6 | 17,6 | 16,9 | 16,3 | 12,7 | 8,4 | 6   |
| 146 | 128 | 112 | 78   | 90   | 55   | 27   | 35   | 64   | 91   | 130 | 134 |

# CLIMA OCEÁNICO DE TRANSICIÓN


**LOCALIZACIÓN:** Cara ao interior as características do dominio oceánico modificanse ao reducirse a influencia mariña e ir adquirindo características máis continentais.

## TEMPERATURAS:


- ▶ **Veráns** máis cálidos: poden ser superiores a  $21^{\circ}$  -  $22^{\circ}$
- ▶ **Invernos** máis fresco: poden ser  $< 6^{\circ}$
- ▶ **A.T:** é maior, terá valores medios entre  $12^{\circ}$ - $15^{\circ}$

## PRECIPITACIÓNS:

- ▶ **Total anual menor:** 700-800 mm
- ▶ **Menor regularidade,** incluso pode haber ata dous meses secos no verán, máx. en inverno e estacións intermedias.



| Ourense      | Temp        | Prec.      |
|--------------|-------------|------------|
| X            | 7°C         | 81mm       |
| F            | 8,1         | 95         |
| M            | 11          | 96         |
| A            | 12,6        | 50         |
| M            | 16,4        | 50         |
| X            | 19,2        | 39         |
| XL           | 21,7        | 10         |
| A            | 19,9        | 21         |
| S            | 17,7        | 37         |
| O            | 16,2        | 82         |
| N            | 9,7         | 100        |
| D            | 7,4         | 116        |
| <b>Anual</b> | <b>13,9</b> | <b>777</b> |



|       | X    | F    | M   | A     | M     | X     | XI    | A     | S   | O     | N     | D    | Anual      |
|-------|------|------|-----|-------|-------|-------|-------|-------|-----|-------|-------|------|------------|
| 392 m |      |      |     |       |       |       |       |       |     |       |       |      | A.T: 14,9° |
| T °C  | 7,3° | 8,6° | 11° | 13,1° | 15,6° | 19,9° | 22,2° | 21,7° | 19° | 15,6° | 10,6° | 7,5° | 14,3°C     |
| P mm  | 89   | 97   | 86  | 55    | 61    | 41    | 8     | 19    | 47  | 83    | 110   | 103  | 799mm      |


## *CLIMA OCEÁNICO DE TRANSICIÓN*

### Precipitacións:


- **total anual:** 799mm- podería dicirse que son **abundantes**- quedan descartadas todas as variedades do clima mediterráneo de interior e practicamente todas as variedades do clima mediterráneo costeiro, agás o clima mediterráneo catalán.
- **verán:** 2 meses seco: xullo e agosto: **precipitacións bastante regulares** - clima semihúmido- quedan descartados os climas da metade sur peninsular, onde sería máis ampla a sequía estival.
- **máximas:** novembro, decembro, febreiro, xaneiro, marzo, ...: **estacións intermedias e inverno, non pode ser mediterráneo catalán, xa que atoparíamos un mínimo secundario no inverno.**

### Temperaturas:

- **A.T.:** 14,9° **media** - impensable en mediterráneo de interior, onde sería alta, e tampouco pode ser oceánico, pois sería baixa.
- **mínima inverno:** 7,3° en xaneiro: **moderado**
- **máxima verán:** 22,2° en xullo: **podería dicirse caluroso** – non podería ser un clima oceánico puro, pois sería máis fresco e tampouco ningunha variedade da metade norte do interior peninsular.



# CLIMA MEDITERRÁNEO MARÍTIMO ou COSTEIRO



## LOCALIZACIÓN:

► Comprende a costa mediterránea peninsular, agás o SE, que forma parte do *dominio mediterráneo seco ou subdesértico*, tamén se estende pola costa sudatlántica andaluza (tamén denominado *atlántico meridional*), o arquipélago balear, Ceuta e Melilla.

## CARACTERÍSTICAS COMÚNS:

### TEMPERATURAS:

- **Invernos:** en xeral suaves, non  $< 10^{\circ}$
- **Veráns:** calurosos,  $> 22^{\circ}$
- **A.T:** media,  $13^{\circ} - 16,5^{\circ}$
- T.M.A:  $15^{\circ} - 18,5^{\circ}$

### Debidas:

- Influencia atemperante do mar ...
- Máx. no verán: ascenso en latitude do A das Azores e non esquecer que o Mediterráneo é un mar pechado...
- As dif. entre as máx. e as mín. están en relación coa estación do ano:  $>/<$  radiación solar...

### PRECIPITACIÓNS:

- Son **escasas:** 300 – 750/800 mm
- **Irregulares:** xa que hai unha importante sequía estival (A Azores), que irá aumentando cara ao Sur.
- Van **reducíndose** de N a S e de O a E

### Debidas:

- A **sequía estival** débese ao desprazamento cara ao N do A das Azores...
- O **máx. de prec. na costa E** ten lugar xeralmente nas est. intermedias, xa que o A das Azores descende cara ao S e permite o paso das borrascas atlánticas, que, de calquera forma, chegan debilitadas...
- No **outono son típicas** as prec. en forma de treboadas: *gota fría*
- O **máx. de prec. na costa S** son xeralmente no inverno e nas est. intermedias, cando as borrascas atlánticas chegan cunha dirección SO, O...

Neste dominio climático pódense sinalar **distintas variedades**, xa que debido á extensión en latitude, hai diferenzas no total anual de precipitacións, nas temp. máx e mín., no número de meses secos...

## CLIMA MEDITERRÁNEO CATALÁN


**LOCALIZACIÓN:** NE peninsular: Girona, Barcelona, Menorca

### TEMPERATURAS:


- ▶ **Invernos moderados:**  $< 10^\circ$
- ▶ **Veráns “calurosos”:** non  $>$  de  $23^\circ/23,5^\circ$
- ▶ **A.T:** media  $14^\circ - 16,5^\circ$
- ▶ **T.M.A:**  $15^\circ - 16^\circ$
- ▶ Hai un maior risco de xeadas pola infl. do A térmico europeo

### PRECIPITACIÓNS:

- ▶ Son **escasas - moderadas:** 600 – 800 mm
- ▶ **Máx.** nas estacións intermedias, polo paso das borrascas atlánticas e **mínimo secundario**, no inverno debido á influencia do A térmico europeo
- ▶ **Verán:** menos precipitacións (A Azores), pero non máis de dous meses secos.



| Barça | Temp  | Prec. |
|-------|-------|-------|
| X     | 8,8°C | 45mm  |
| F     | 9,6   | 36    |
| M     | 11,1  | 47    |
| A     | 12,8  | 51    |
| M     | 15,9  | 57    |
| X     | 19,7  | 37    |
| XL    | 22,9  | 22    |
| A     | 23    | 66    |
| S     | 21    | 81    |
| O     | 17,1  | 94    |
| N     | 12,5  | 73    |
| D     | 9,7   | 50    |
| Anual | 15,4  | 659   |



|      | X           | F    | M     | A     | M     | X     | XI           | A     | S     | O         | N     | D  | Anual             |
|------|-------------|------|-------|-------|-------|-------|--------------|-------|-------|-----------|-------|----|-------------------|
| 70 m |             |      |       |       |       |       |              |       |       |           |       |    | A.T: <b>16,2°</b> |
| T °C | <b>7,3°</b> | 8,4° | 11,1° | 13,4° | 16,7° | 20,8° | <b>23,5°</b> | 23,3° | 20,9° | 16,1°     | 11,4° | 8° | 15,1°C            |
| P mm | <b>35</b>   | 51   | 86    | 69    | 73    | 59    | 45           | 61    | 92    | <b>95</b> | 60    | 77 | <b>802mm</b>      |


## *CLIMA MEDITERRÁNEO COSTEIRO CATALÁN*

### Precipitacións:

- **total anual: 802 mm- abundantes- quedan descartadas todas as variedades do clima mediterráneo de interior e practicamente todas as variedades do clima mediterráneo costeiro.**
- **verán: non hai meses secos: precipitacións regulares - clima húmido- quedan descartadas todas as variedades do clima mediterráneo de interior e practicamente todas as variedades do clima mediterráneo costeiro.**
- **máximas: setembro, outubro, marzo...: estacións intermedias**
- **mínimo secundario no inverno: 35mm en xaneiro: non posible que sexa oceánico, onde os máximos teñen lugar tanto nas estacións intermedias como no inverno.**

### Temperaturas:

- **mínima inverno: 7,3° en xaneiro: moderado**
- **máxima verán: 23,5° en xullo: caluroso – impensable en clima oceánico e tampouco sería posible na 1/2 norte do interior peninsular**
- **A.T.: 16,2° alta. - impensable en oceánico e no mediterráneo costeiro soe ser media.**





# CLIMA MEDITERRÁNEO VALENCIANO-BALEAR

**LOCALIZACIÓN:** Desde Tarragona ata a zona árida do SE peninsular, ademais das Illas Baleares, agás Menorca.




## TEMPERATURAS:

- ▶ **Invernos** suaves:  $\pm 10^{\circ}$ -  $11^{\circ}$ , dependendo da latitude
- ▶ **Veráns** calurosos:  $24$ - $25^{\circ}$
- ▶ **A.T:** media  $13^{\circ}$  -  $15^{\circ}$
- ▶ T.M.A:  $15^{\circ}$  -  $17^{\circ}$



## PRECIPITACIÓNS:

- ▶ Son escasas : 400 – 550 mm
- ▶ **Máx.** nas estacións intermedias, polo paso das borrascas atlánticas e **mínimo secundario** no inverno, debido á influencia do A térmico europeo.
- ▶ Típicas **chuvias torrenciais**, sobre todo en **outono**, coincidindo con situacións de temporal do leste ou fenómenos de *gota fría*...
- ▶ A **sequía estival** irá aumentando cara ao S desde 3 a 5 meses secos pola maior infl. do A Azores.




|      | X     | F     | M     | A     | M     | X     | XI    | A     | S     | O     | N     | D     | Anual    |
|------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|----------|
| 27 m |       |       |       |       |       |       |       |       |       |       |       |       | A.T: 14° |
| T °C | 10,6° | 11,3° | 12,9° | 14,8° | 16,5° | 21,4° | 24,3° | 24,6° | 22,5° | 18,5° | 14,1° | 11,2° | 16,9°C   |
| P mm | 22    | 25    | 30    | 32    | 41    | 26    | 13    | 23    | 60    | 73    | 42    | 43    | 430mm    |

**Precipitacións:** *CLIMA MEDITERRÁNEO COSTEIRO VALENCIANO-BALEAR*

- **total anual:** 430mm, inferiores a 500mmm!- **escasas**- quedan descartadas todas as variedades do clima oceánico e o clima mediterráneo catalán.
- **verán:** 3 meses secos: xuño, xullo e agosto : **precipitacións irregulares** - clima semiárido- quedan descartadas todas as variedades do clima oceánico e o clima mediterráneo catalán
- **máximas:** outubro, setembro, decembro, novembro, maio...: **estacións intermedias, especialmente no outono.**
- **mínimo secundario nos meses de inverno,** xaneiro, febreiro – **rasgo característico do centro e leste peninsular,** debido á influencia do A térmico peninsular ou europeo; incluso quedarían descartados os climas mediterráneos costeiros do sur peninsular.

**Temperaturas:**

- **A.T.:** 14° **media** - **impensable en oceánico puro e no mediterráneo de interior.**
- **mínima inverno:** 10,6° en xaneiro: **suave,** **practicamente só posible no mediterráneo costeiro.**
- **máxima verán:** 24,6° en agosto: **caluroso** – **impensable en clima oceánico e na metade norte do interior peninsular.**




## CLIMA MEDITERRÁNEO DA COSTA SUR : Desde Xibraltar ata Almería.

### TEMPERATURAS:

- ▶ **Invernos** moi suaves: non soe ser  $<11,5^{\circ}$
- ▶ **Veráns** moi calurosos:  $>25^{\circ}$
- ▶ **A.T:** media  $13^{\circ} - 15^{\circ}$
- ▶ T.M.A:  $18^{\circ} - 18,5^{\circ}$
- ▶ Non hai xeadas

### PRECIPITACIÓNS:

- ▶ **Escasas e irregulares:** 400 – 550/600 mm
- ▶ Prec. **redúcense** de oeste a leste
- ▶ **Máx.** xeralmente no inverno e nas estacións intermedias, polo paso das borrascas atlánticas con dirección SO, O...
- ▶ Marcada **sequía estival:** soe ter 5 meses secos ou máis pola maior infl. do A Azores..




## CLIMA MEDIT. DA FACHADA ATLÁNTICA ANDALUZA: Golfo de Cádiz.

### TEMPERATURAS:

- ▶ **Invernos** suaves:  $10 - 11/11,5^{\circ}$
- ▶ **Veráns** calurosos: non  $> 24^{\circ} - 25^{\circ}$
- ▶ **A.T:** media  $13^{\circ}/13,5^{\circ}$
- ▶ T.M.A:  $17^{\circ} - 18^{\circ}$

### PRECIPITACIÓNS:

- ▶ **Escasas e irregulares:** 450 – 650 mm
- ▶ **Máx.** xeralmente no inverno e nas estacións intermedias, polo paso das borrascas atlánticas con dirección SO, O...
- ▶ Marcada **sequía estival:**  $\pm 5$  meses secos pola maior infl. do A Azores..



|      | X            | F     | M     | A     | M     | X     | XI    | A            | S   | O     | N     | D     | Anual             |
|------|--------------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|--------------|-----|-------|-------|-------|-------------------|
| 40 m |              |       |       |       |       |       |       |              |     |       |       |       | A.T: <b>12,7°</b> |
| T °C | <b>12,4°</b> | 12,6° | 14,3° | 15,9° | 18,9° | 21,8° | 24,8° | <b>25,1°</b> | 23° | 19,1° | 15,7° | 13,5° | 18°C              |
| P mm | 63           | 50    | 62    | 47    | 32    | 7     | 2     | 2            | 21  | 44    | 60    | 65    | 455mm             |

### Precipitacións:

## *CLIMA MEDITERRÁNEO COSTEIRO DA COSTA SUR*

- **total anual:** 455mm- **escasas-** quedan descartadas todas as variedades do clima oceánico e o clima mediterráneo catalán.

- **verán:** 4 meses secos: xuño, xullo, agosto e setembro : **precipitacións irregulares -clima semiárido-** quedan descartadas todas as variedades do clima oceánico e o clima mediterráneo catalán, a marcada sequía do verán fai pensar no sur peninsular.


- **máximas:** decembro, xaneiro, novembro, marzo, febreiro...: **inverno e estacións intermedias,** o feito de que non haxa mínimo secundario no inverno leva a pensar no costa do sur peninsular e descartar o centro e o leste peninsular.

### Temperaturas:

- **A.T.:** 12,7° **media** – **impensable** no mediterráneo de interior.

- **mínima inverno:** 12,4° en xaneiro: **moi suave,** practicamente só posible no sur peninsular.

- **máxima verán:** 25,1° en agosto: **bastante caluroso** – **impensable** en clima oceánico e na metade norte do interior peninsular.



|      | X            | F     | M     | A     | M     | X     | XI       | A            | S     | O     | N     | D          | Anual             |
|------|--------------|-------|-------|-------|-------|-------|----------|--------------|-------|-------|-------|------------|-------------------|
| 20 m |              |       |       |       |       |       |          |              |       |       |       |            | A.T: <b>13,5°</b> |
| T °C | <b>11,4°</b> | 12,5° | 14,7° | 16,6° | 18,8° | 22,2° | 24,4°    | <b>24,9°</b> | 23,1° | 19,3° | 15,8° | 12,9°      | 18,2°C            |
| P mm | 75           | 60    | 81    | 43    | 30    | 6     | <b>1</b> | <b>4</b>     | 25    | 71    | 77    | <b>100</b> | <b>573mm</b>      |


## ***MED. COSTEIRO DA FACHADA ATLÁNTICA ANDALUZA***

### Precipitacións:

- **total anual: 573mm- escasas, pero cercanas a moderadas- quedan descartadas todas as variedades do clima oceánico e o clima mediterráneo catalán.**
- **verán: 4 meses secos: xuño, xullo, agosto e setembro + maio : precipitacións irregulares -clima semiárido- quedan descartadas todas as variedades do clima oceánico e o clima mediterráneo catalán, a marcada sequía do verán fai pensar no sur peninsular.**
- **máximas: decembro, marzo, novembro, xaneiro, outubro...: inverno e estacións intermedias, o feito de que non haxa mínimo secundario no inverno leva a pensar no costa do sur peninsular e descartar o centro e o leste peninsular.**

### Temperaturas:


- **A.T.: 13,5° media– impensable no mediterráneo de interior e no oceánico puro.**
- **mínima inverno: 11,4° en xaneiro: moi suave, pero non maior de 11,5°, practicamente só posible no sur peninsular.**
- **máxima verán: 24,9° en agosto: bastante caluroso, pero non superior a 25° – impensable en clima oceánico e na metade norte do interior peninsular.**




# CLIMA MEDITERRÁNEO de INTERIOR ou CONTINENTALIZADO

**LOCALIZACIÓN:** todo o interior peninsular, excepto as zonas de montaña.

**Caracterízase** por estar alonxado da influencia termorreguladora do mar, debido á disposición periférica do relevo... (só “máis fácil” en Estremadura ou SO peninsular), o que da lugar ao seu dato máis distintivo: **unha amplitude térmica alta:  $> 16^\circ$**



**Pódese diferenciar:**



## Clima medit. de interior suavizado

- ▶ Situado nun arco que limita coa España húmida ao sur da Cornixa Cantábrica e ocupa o oeste do interior peninsular ata a Depresión media do Guadalquivir.
- ▶ Ten unha maior influencia marítima, por iso as precipitacións serán maiores e a A.T. será menor.

## Clima medit. de interior acusado

- ▶ Ocupa a zona centro-oriental da Meseta e a Depresión do Ebro, agás a súa zona media ou central.
- ▶ Presenta unha maior continentalidade, polo que a A.T. será maior e as precipitacións serán menores.

## TIPOS DE CLIMA EN ESPAÑA

### OCEÁNICO O ATLÁNTICO

- Océanico marítimo
- Océanico de transición

### MEDITERRÁNEO


- Med. litoral levantino
- Med. litoral catalán
- Med. litoral andaluz
- Med. interior de la Submeseta Norte
- Med. interior del valle del Ebro
- Med. interior de la Submeseta Sur
- Med. interior extremeño-andaluz
- Mediterráneo árido

### SUBTROPICAL


- Subtropical canario

### DE MONTAÑA

- Montaña






## TEMPERATURAS: se extreman



## Debidas:

- ▶ Alonxamento da influencia atemperante do mar debida á disposición periférica do relevo... só o SO...
- ▶ As dif. entre as máx. e as mín. están en relación coa estación do ano: >/< radiación solar...
- ▶ A elevada altitude media da Meseta, especialmente a Submeseta Norte supón temp. máis baixas...





| Vallad 735m | X   | F   | M   | A    | M    | X    | XI   | A    | S    | O    | N   | D   | ano  |
|-------------|-----|-----|-----|------|------|------|------|------|------|------|-----|-----|------|
| T °C        | 4,0 | 6,1 | 8,4 | 10,1 | 13,8 | 18,1 | 21,7 | 21,6 | 18,1 | 12,8 | 7,7 | 5,0 | 12,3 |
| P mm        | 40  | 32  | 23  | 44   | 47   | 33   | 16   | 18   | 31   | 42   | 51  | 56  | 435  |

| Toledo 516m | X   | F   | M    | A    | M    | X    | XI   | A    | S    | O    | N    | D   | ano  |
|-------------|-----|-----|------|------|------|------|------|------|------|------|------|-----|------|
| T °C        | 6,4 | 8,3 | 11,0 | 12,9 | 16,9 | 22,1 | 26,0 | 25,7 | 21,6 | 15,6 | 10,2 | 7,3 | 15,4 |
| P mm        | 28  | 28  | 25   | 41   | 44   | 28   | 12   | 9    | 22   | 38   | 40   | 44  | 357  |

| Sevilla | X    | F    | M    | A    | M    | X    | XI   | A    | S    | O    | N    | D    | ano  |
|---------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| T °C    | 10,9 | 12,2 | 14,1 | 16,4 | 20,1 | 23,9 | 27,2 | 27,2 | 24,9 | 19,8 | 14,6 | 11,3 | 18,6 |
| P mm    | 81   | 72   | 63   | 55   | 32   | 15   | 2    | 5    | 16   | 64   | 90   | 89   | 584  |

**PRECIPITACIÓNS:** son **Escasas:** 300-700 mm, nas proximidades dos sistemas montañosos serán maiores...




**Irregulares:** sequía no verán que aumentará cara ao Sur, xa que o A das Azores ascende en latitude e aporta tempo seco e estable.

Na **franja oeste e no interior da Depr. do Guadalquivir** serán maiores, en xeral + 450/500 mm

- ▶ Xa que reciben unha maior influencia das borrascas atlánticas da F. Polar, arrastradas polos ventos do Oeste cara a Península ou as que entran polo Golfo de Cádiz do SO.
- ▶ Os **máximos** de precipitacións se recollen principalmente no **inverno** e nas **estacións intermedias**.
- ▶ As precipitacións descenderán de Norte a Sur, ao mesmo tempo que irá aumentando a **sequía estival**, que pode chegar a ser **moi acusada** (<5mm) pola maior infl. do A Azores.

No **centro-leste** da Península serán menores: 350-550 mm

- ▶ Porque debido á grande anchura da Península está moi alonxado da influencia das borrascas atlánticas, especialmente a Depresión do Ebro, moi illada entre sistemas montañosos.
- ▶ Os **máximos** de precipitacións teñen lugar nas **estacións intermedias**, xa que no inverno o frío favorece a creación dun A térmico en Europa ou no centro peninsular que da lugar a un **mínimo secundario**...
- ▶ As precipitacións descenderán cara ao Sur, onde será máis marcada a **sequía estival** (A Azores), que en realidade **non soe ser absoluta** (non <5mm), xa que son típicas destas rexións de interior as tormentas convectivas, orixinadas polo excesivo requentamento do aire no verán...



| Vallad 735m | X   | F   | M   | A    | M    | X    | XI   | A    | S    | O    | N   | D   | ano  |
|-------------|-----|-----|-----|------|------|------|------|------|------|------|-----|-----|------|
| T °C        | 4,0 | 6,1 | 8,4 | 10,1 | 13,8 | 18,1 | 21,7 | 21,6 | 18,1 | 12,8 | 7,7 | 5,0 | 12,3 |
| P mm        | 40  | 32  | 23  | 44   | 47   | 33   | 16   | 18   | 31   | 42   | 51  | 56  | 435  |

| Toledo 516m | X   | F   | M    | A    | M    | X    | XI   | A    | S    | O    | N    | D   | ano  |
|-------------|-----|-----|------|------|------|------|------|------|------|------|------|-----|------|
| T °C        | 6,4 | 8,3 | 11,0 | 12,9 | 16,9 | 22,1 | 26,0 | 25,7 | 21,6 | 15,6 | 10,2 | 7,3 | 15,4 |
| P mm        | 28  | 28  | 25   | 41   | 44   | 28   | 12   | 9    | 22   | 38   | 40   | 44  | 357  |

| Sevilla | X    | F    | M    | A    | M    | X    | XI   | A    | S    | O    | N    | D    | ano  |
|---------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| T °C    | 10,9 | 12,2 | 14,1 | 16,4 | 20,1 | 23,9 | 27,2 | 27,2 | 24,9 | 19,8 | 14,6 | 11,3 | 18,6 |
| P mm    | 81   | 72   | 63   | 55   | 32   | 15   | 2    | 5    | 16   | 64   | 90   | 89   | 584  |

|       | X    | F   | M     | A     | M     | X     | XI    | A     | S     | O     | N     | D    | Anual      |
|-------|------|-----|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|------|------------|
| 186 m |      |     |       |       |       |       |       |       |       |       |       |      | A.T: 17,2° |
| T °C  | 8,7° | 10° | 12,7° | 15,3° | 18,1° | 22,8° | 25,9° | 25,6° | 22,8° | 17,8° | 12,7° | 9,1° | 16,8°C     |
| P mm  | 61   | 47  | 68    | 42    | 37    | 18    | 3     | 4     | 25    | 50    | 62    | 60   | 477mm      |


***CLIMA MEDITERRÁNEO DE INTERIOR SUAVIZADO, no oeste dese interior peninsular, na súa metade sur, Estremadura***

**Temperaturas:**

- A.T.: 17,2° alta – **impensable no oceánico e no mediterráneo costeiro, ten que ser do interior!**
- mínima inverno: 8,7° en xaneiro: **moderado, metade sur do interior peninsular!**
- máxima verán: 25,9° en xullo: **bastante caluroso, metade sur do interior peninsular!**

**Precipitacións:**

- total anual: 477mm- **escasas- quedan descartadas todas as variedades do clima oceánico e o clima mediterráneo catalán.**
- verán: 4 meses secos: xuño, xullo, agosto e setembro: **precipitacións irregulares -clima semiárido- quedan descartadas todas as variedades do clima oceánico e o clima mediterráneo catalán, a marcada sequía do verán fai pensar no sur peninsular.**
- máximas: marzo, novembro, xaneiro, decembro...: **o inverno e as estacións intermedias son as épocas de maior precipitación, o que leva a pensar no oeste do interior peninsular e descartar o centro e o leste do interior peninsular, onde atoparíamos un mínimo secundario no inverno.**



|       | X    | F    | M    | A     | M   | X     | XI    | A     | S     | O     | N    | D    | Anual      |
|-------|------|------|------|-------|-----|-------|-------|-------|-------|-------|------|------|------------|
| 693 m |      |      |      |       |     |       |       |       |       |       |      |      | A.T: 17,8° |
| T °C  | 3,5° | 5,1° | 8,7° | 10,9° | 14° | 18,5° | 21,3° | 20,8° | 17,9° | 12,8° | 7,7° | 4,3° | 12,1°C     |
| P mm  | 31   | 26   | 43   | 35    | 37  | 33    | 14    | 15    | 27    | 32    | 41   | 39   | 373mm      |


***CLIMA MEDITERRÁNEO DE INTERIOR ACUSADO, no centro-leste dese interior peninsular, na súa metade norte.***

### Temperaturas:

- A.T.: 17,8° alta – **impensable no oceánico e no mediterráneo costeiro, ten que ser do interior!**
- mínima inverno: 3,5° en xaneiro: **frío, metade norte do interior peninsular!**
- máxima verán: 21,3° en xullo: **fresco, metade norte do interior peninsular!**

### Precipitacións:

- total anual: 373mm- **bastante escasas-** quedan descartadas todas as variedades do clima oceánico e o clima mediterráneo catalán, debe ser unha zona alonxada da influencia do mar.
- verán: 3 meses secos: xullo, agosto e setembro: **precipitacións irregulares -clima semiárido- a sequía do verán non é moi marcada,** polo que podemos pensar no centro-leste do interior peninsular, onde son típicas as tormentas do verán.
- máximas bastante baixas nas estacións intermedias: marzo, novembro, decembro, maio...; **mínimo secundario en inverno:** xaneiro, febreiro incluso ten menos de 30mm... **o que leva a pensar no centro-leste do interior peninsular, onde o frío favorece no inverno a formación dun A térmico...**



|       | X    | F    | M     | A     | M     | X     | XI    | A     | S     | O     | N    | D    | Anual      |
|-------|------|------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|-------|------|------|------------|
| 540 m |      |      |       |       |       |       |       |       |       |       |      |      | A.T: 20,2° |
| T °C  | 5,9° | 7,3° | 10,6° | 13,4° | 16,9° | 22,1° | 26,1° | 25,3° | 21,3° | 15,2° | 9,9° | 6,4° | 15°C       |
| P mm  | 31   | 29   | 41    | 39    | 42    | 25    | 9     | 10    | 29    | 44    | 38   | 40   | 376mm      |

***CLIMA MEDITERRÁNEO DE INTERIOR ACUSADO, no centro-leste dese interior peninsular, na súa metade sur.***

### Temperaturas:


- A.T.: 20,2° moi alta – **ten que ser do interior, nun lugar alonxado da influencia do mar!**
- máxima verán: 26,1° en xullo: moi caluroso, **metade sur do interior peninsular!**
- mínima inverno: 5,9° en xaneiro: fresco-moderado, **metade sur do interior peninsular!**

### Precipitacións:

- total anual: 376mm -**bastante escasas-** quedan descartadas todas as variedades do clima oceánico e o clima mediterráneo catalán, debe ser unha zona bastante alonxada da influencia do mar.

- verán: 4 meses secos: xuño, xullo, agosto e setembro: **precipitacións irregulares -clima semiárido-** **a sequía do verán non é moi marcada (non <5mm)**, polo que podemos pensar no centro-leste do interior peninsular, onde son típicas as tormentas do verán.

- máximas bastante baixas nas estacións intermedias: outubro, maio, marzo, decembro,; **mínimo secundario en inverno:** xaneiro, febreiro incluso ten menos de 30mm... **o que leva a pensar no centro-leste do interior peninsular, onde o frío favorece no inverno a formación dun A térmico...**



|       | X           | F    | M         | A     | M     | X     | XI           | A        | S     | O     | N     | D    | Anual             |
|-------|-------------|------|-----------|-------|-------|-------|--------------|----------|-------|-------|-------|------|-------------------|
| 578 m |             |      |           |       |       |       |              |          |       |       |       |      | A.T: <b>19,6°</b> |
| T °C  | <b>8,1°</b> | 9,5° | 12,3°     | 14,9° | 18,9° | 23,8° | <b>27,7°</b> | 27,3°    | 23,4° | 17,6° | 12,7° | 8,9° | 17,1°C            |
| P mm  | 72          | 72   | <b>93</b> | 63    | 59    | 15    | <b>5</b>     | <b>5</b> | 29    | 56    | 46    | 78   | <b>593mm</b>      |


***CLIMA MEDITERRÁNEO DE INTERIOR SUAVIZADO,  
no interior do Val do Guadalquivir***

Temperaturas:

- A.T.: 19,6° moi alta – **ten que ser do interior peninsular!**
- mínima inverno: 8,1° en xaneiro: **moderado, metade sur do interior peninsular!**
- máxima verán: 27,7° en xullo: **moi caluroso, estas temperaturas medias só son posibles no Val do Guadalquivir.**

Precipitacións:

- total anual: 593mm - **escasas, pero cercanas aos 600 mm- estamos nunha zona de maior influencia das borrascas atlánticas.**
- verán: 4 meses secos: xuño, xullo, agosto e setembro: **precipitacións irregulares -clima semiárido- a sequía do verán é bastante marcada, será unha zona moi influenciada polo A das Azores.**
- máximas: marzo, decembro, xaneiro, febreiro...; o **inverno e as estacións intermedias** son as épocas de maior precipitación, **estaremos nunha zona onde é maior a influencia das borrascas atlánticas.**



# CLIMA MEDITERRÁNEO SECO OU SUBDESÉRTICO

**LOCALIZACIÓN:** SL peninsular (Murcia, Almería, parte de Albacete) e a zona media do Val do Ebro.


**PRECIPITACIÓNS:** son **moi escasas**, entre 300 e 150 milímetros; o **máximo** soe ser nas estacións intermedias, sobre todo en outono.

- No **SL**, a aridez débese:

- É unha zona protexida das borrascas atlánticas polo relevo das Cord. Béticas.
- Chegan con dificultade as borrascas mediterráneas.
- Son frecuentes as masas de aire secas procedentes de África.
- No Cabo de Gata as precip. son inferiores a 150 mm, o que se pode considerar clima desértico.

- Na **zona media do Val do Ebro**, a aridez débese:

- É unha zona encaixada entre montañas...
- O Sistema Ibérico actúa de barreira fronte ás borrascas atlánticas.
- A Cord. Costeiro-Catalá frea a influencia do Mediterráneo.



*Cabo de Gata*









**TEMPERATURAS:** varían coa latitude e a distancia ao mar

- Na **zona media do Val do Ebro** e no **interior do SL** peninsular a **temp. media anual** é inferior aos 17°, os **veráns** son cálidos e os **invernos** son fríos no Val do Ebro, pois baixan dos 6°, ou moderados no caso do Leste da Mancha e Albacete, onde as temp. están entre 6° e 10° (lonxanía do mar, > altitude).

- Na **costa do SL** peninsular a **temp. media anual** está arredor de 17°-18°, os **invernos** son suaves, pois non baixan de 10°, e os **veráns** son bastante cálidos, pois chegan incluso a superar os 25° (A Azores).



# CLIMA DE MONTAÑA



**LOCALIZACIÓN:** Territorios situados a máis de 1000-1200 m de altitude.

**CARACTERÍSTICAS:** Están determinadas pola altura, pois a medida que se incrementa, as precipitacións aumentan e as temperaturas diminúen (0,5°/0,6° cada 100 m). Ademais poden sinalarse moitas variacións locais e microclimas en función de aspectos topográficos como a orientación (solaina/umbría), a dirección dos ventos (barlovento/sotavento)...

**PRECIPITACIÓN:** son **moi abundantes**, superan os 1000 mm anuais, no inverno son en forma de neve.

**TEMPERATURAS:** caracterízanse por unha **media anual** baixa, inferior aos 10°, a **amplitude térmica** soe ser media, os **invernos** son fríos e poden situarse preto ou por debaixo de 0°, as temperaturas do **verán** reflexan a influencia da latitude.

**VARIACIÓNS:** As características xa comentadas varían en función da localización:

- **As montañas incluídas na área de clima oceánico** (Pireneos, Cord. Cantábrica...)

- As **precipitacións** son moi abundantes (incluso superiores a 1800 mm) e regulares ao longo do ano, pois non hai meses secos.
- As **temperaturas do verán** son frescas e non superan os 22°.

- **As montañas incluídas na área de clima mediterráneo**


- As **precipitacións** sofren unha importante diminución no verán e pode haber un ou dous meses secos.
- As **temperaturas do verán** son máis altas e poden superarse os 22°.

## CANDANCHÚ

(1 640 m)

Temperatura media: 5,2 °C

Precipitación: 1 956 mm



## PEDRAFITA DO CEBREIRO (1 099 m)

Temperatura media anual: 8 °C





Precipitación media anual: 1 897 mm

|   | Temperatura (°C) | Precipitaciones (mm) |
|---|------------------|----------------------|
| X | 1,1              | 180                  |
| F | 2,3              | 137                  |
| M | 4,6              | 245                  |
| A | 6,1              | 146                  |
| M | 10,4             | 126                  |
| X | 12,7             | 98                   |
| X | 15,2             | 46                   |
| A | 15,8             | 54                   |
| S | 11,9             | 115                  |
| O | 9,3              | 218                  |
| N | 4,1              | 237                  |
| D | 2,6              | 295                  |



Puerto de Navacerrada (Madrid), 1.860 m, climograma 5

|    | E   | F   | M   | A   | MY  | J  | JL | AG | S  | O   | N   | D   | Media/pp total |
|----|-----|-----|-----|-----|-----|----|----|----|----|-----|-----|-----|----------------|
| °C | -1  | 0   | 2   | 4   | 7   | 12 | 16 | 16 | 12 | 7   | 3   | 0   | 6,5            |
| mm | 190 | 170 | 150 | 120 | 192 | 77 | 17 | 26 | 73 | 163 | 201 | 132 | 1.511          |




# CLIMA SUBTROPICAL DE CANARIAS

As Illas Canarias constitúen un dominio climático orixinal debido a unha serie de **factores**:

► A súa **situación** no extremo sur da zona temperada e a zona norte do dominio intertropical fai que dominen ao longo do ano as altas presións tropicais -A das Azores- e os *ventos alisios do NE* que aportan temp. moi suaves todo o ano. Só en contadas ocasións aféctalles o paso das borrascas atlánticas, cando o Jet Stream traza ondulacións moi ao sur. No verán é posible a chegada de aire seco e moi cálido procedente de África.

► A **corrente fría de Canarias**, que discorre entre as illas orientais e o continente africano, arrefría as augas superficiais máis do que lles correspondería pola súa latitude.

► O **relevo** fai diminuír a temperatura, e provoca nas vertentes de barlovento expostas aos alisios importantes precipitacións e nubosidade abundante (mar de nubes, precipitacións horizontais).



A influencia destes factores dá lugar a un **tipo de clima** caracterizado polos seguintes trazos:

**- Nas zonas baixas:**

-As **precipitacións** son **moi escasas**, debido ao predominio anual do A das Azores. O máximo soe ser no de outubro a abril, coincidindo co paso das borrascas atlánticas.

-As **temperaturas** son **cálidas todo o ano** e ningún mes soe baixar de 17°, a amplitude térmica é baixa (inferior a 8°).

-Nas **illas occidentais** están entre 300 e 150 mm anuais (clima subdesértico).

-Nas **illas máis orientais e nas terras baixas de Gran Canaria** non alcanzan os 150 mm (clima desértico), sendo todos os meses secos.

**- Nas medianías:** (entre 600 e 1500m)


-As **precipitacións** incrementanse e poden chegar a alcanzar os 1000 mm anuais nas vertentes expostas aos alisios: “mar de nubes”, mentres que a sotavento as precip. son menores.

-As **temperaturas** descenden coa altitude, pero a amplitude térmica segue a ser baixa.

**- Nas zonas altas:** (por riba dos 1500 m, Tenerife e A Palma)

-As **precipitacións** por riba do “mar de nubes” redúcense e non soen superar os 400-500 mm.


-As **temperaturas** descenden coa altitude, a media anual baixa dos 10°C, o verán será máis fresco e o inverno será frío (pode chegar a nevar) e aumenta a amplitude térmica.



| E    | F    | M    | A    | M    | J    | J  | A  | S    | O    | N  | D    |
|------|------|------|------|------|------|----|----|------|------|----|------|
| 16,9 | 17,1 | 17,9 | 18,5 | 19,6 | 21,1 | 23 | 24 | 23,5 | 22,2 | 20 | 17,6 |
| 28   | 19   | 13   | 7    | 3    | 0    | 0  | 0  | 4    | 9    | 21 | 24   |


## SANTA CRUZ DE TENERIFE

Altitud (m): 36 - Latitud: 28° 27' 18" N - Longitud: 16° 14' 56" O  
 Temperatura media anual: **21,2 °C**  
 Precipitación media anual: **214 mm** A.T: 7,2 °C




## LAS PALMAS DE GRAN CANARIA (6 m)

Temperatura media: **21,1 °C**  
 Precipitación: **111 mm**  
 A.T: **5,9°C**



### LOS RODEOS (Tenerife)

Altitud: 632 m




T.M.A: 16,1°

A.T: 8,1°

P.T: 618 mm

### IZAÑA (Tenerife)

Altitud: 2390 m



T.M.A: 9,7°

A.T: 13,5°

P.T: 504 mm



| CLIMA              | SUBTIPO                  | LOCALIZACIÓN  | TEMPERATURAS   | PRECIPITACIONES   |
|--------------------|--------------------------|---|--|---|
| CLIMA OCEÁNICO     | OCEÁNICO PURO            | Litoral atlántico del norte y cantábrico.                               | Veranos frescos.<br>Inviernos suaves.<br>Amplitud térmica (A.T.) = 10 a 12 °C    | Abundantes y regulares.<br>Total precip. anuales (T.P.A.) > 1.000 mm    |
|                    | OCEÁNICO DE TRANSICIÓN   | Interior gallego y estrecha franja al sur del oceánico puro.            | Veranos más calurosos e inviernos más fríos que en el puro.<br>A.T. = 12 a 15 °C | Algo menores que el puro, con 1 o más meses secos.<br>T.P.A. ≈ 1.000 mm |
|                    | MEDITERRÁNEO MARÍTIMO    | Litoral peninsular mediterráneo, Baleares Ceuta y Melilla.              | Veranos calurosos.<br>Inviernos suaves.<br>A.T. = 12 a 15 °C                     | Escasas e irregulares.<br>Aridez estival.<br>T.P.A. de 750 a 300 mm     |
| CLIMA MEDITERRÁNEO | MEDITERRÁNEO DE INTERIOR | Interior peninsular.  | Mayores contrastes a lo largo del año.<br>A.T. > 16 °C                           | Escasas e irregulares.<br>Aridez estival.<br>T.P.A. de 650 a 300 mm     |
|                    | MEDITERRÁNEO ÁRIDO       | Sureste peninsular y enclaves aislados del interior.                    | Similar al marítimo.   | Escasísimas e irregulares.<br>Prolongada aridez.<br>T.P.A. < 300 mm     |
| CLIMA SUBTROPICAL  |                          | Canarias.   | Altas a lo largo del año.<br>A.T. ≤ 8 °C   | Insuficientes e irregulares.<br>Varía con la altitud.                   |
| CLIMA DE MONTAÑA   |                          | Pirineos, cordilleras Cantábrica e Ibérica, Sist. Central y Penibética. | Bajas. Veranos frescos e inviernos muy fríos.                                    | Elevadas, en forma de nieve.<br>T.P.A. > 1.000 mm                       |

A.T. = Amplitud térmica. T.P.A. = Total pluviométrico anual.